



Entrevista inédita con Del Riego: "Recorreuse á actividade cultural, que tamén é unha forma política de actuar"

Con motivo do Día das Letras Galegas, que se lle dedican este ano, precisamente, ao seu impulsor, Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913-Vigo, 2010), publicamos unha entrevista inédita co homenaxeado, realizada na Fundación Penzol, en Vigo, no ano 2006.

—Detéñeno en 1955 xunto con Manuel García Barros (Kenkeirades) a raíz dunhas cartas interceptadas a este último. Préndeno pola súa relación cos exiliados.

Eu estiven 24 horas nunha cela da comisaría. E despois, na Peregrina, interrogáronme tres policías. Un deles escribía e os outros golpeábanme. Dícíanme: "Vostede colabora coa prensa dos exiliados...". Eu alegaba que eran artigos publicados en Galiza que reproducían eles, sen que eu lles enviara nada. Tamén lles comentei que neles saían artigos de Moure Mariño. E eles entón díxéronme "Como sabe vostede que Moure Mariño escribía aí se non recibía esas publicacións?". Entón tiveron que dicirlle que esporadicamente me teñen enviado algún e vin artigos alí del. Pero que barbaridade! Puxéronme os puños na cara... A miña cousa foi máis grave que a de Kenkeirades. A min considerábanme máis responsábel. Estiven con García Barros na prisión da Parda.

—Si, a Kenkeirades, que o levan preso con case 80 anos, é pola acusación de posuír esas publicacións, concretamente o xornal *Galicia*, que na acta de detención puña "editado en Buenos Aires por españoles en el exilio y de tendencia comunista". Indican que publica con frecuencia co pseudónimo Salvador de Lorenzana, e que isto pode ser constitutivo de delito equivalente ao de rebelión militar.

E o do xornal era verdade. Era o órgano da Federación de Sociedades Galegas,

Agrarias e Culturais de Arxentina. Son os que premiaron unha obra miña nun concurso de 1946 e logo publicaron co título *Cos ollos do noso espírito* en 1949.

—Pero volvamos a antes do franquismo. Como foi a súa vida universitaria na República?

Eu penso que a República na orde da cultura e do ensino marcou un fito. Na Universidade, eu como estudante procedía da Complutense en Madrid, onde fixen o primeiro curso de dereito, pero ao trasladarse a miña familia a Santiago, seguí os estudos aquí. Naquel tempo participaba no movemento estudantil, había a FUE, que era a Federación Universitaria Española. Eu lin o discurso de apertura de curso de 1933. Diante das cinco facultades que existían entón, que eran Medicina, Farmacia, Ciencias Químicas, Filosofía e Letras, e Dereito. Fixen exame de Grao. Ao rematar a carreira, quedei de profesor axudante, encargado de cátedra. Estiven explicando Dereito Civil. E logo chegou o “movimiento”.

—É entón que o depuraron da Universidade.

Fun inhabilitado, non só para a Universidade, fun inhabilitado para todo tipo de ensino. E ao rematar a guerra tiveron que buscar de que vivir. Vin aquí, a Vigo, e para saír adiante fixen unha revista de reloxaaría, unha de deportes, traballei na lonxa, unha cantidade de cousas asombrosas porque non podía exercer do meu. Até que por fin nun colexio privado, presenteime, e díxenlle claramente que estaba inhabilitado. E o dono díxome que non lle importaba, que no parte que mandara á Universidade ía pór só o primeiro apelido, Fernández, e que por el ninguén o identificaba. E así puiden dedicarme ao ensino privado. Incluso tivemos unha academia aquí na praza da Constitución que chamábamos Academia Sigma. Que levabamos tres amigos.

—Aínda así seguiu recibindo ameazas.

Ah si! Eu vin a Vigo para ir ao despacho de Paz-Andrade. Pero eu informeime en Redondela, cando parou o tren, de que Paz-Andrade fora detido. Tiven dúbidas de que facer: de volver ou seguir cara a Vigo, onde non coñecía ninguén máis. Decidín seguir para Vigo. Fun finalmente ao despacho de Paz-Andrade, topeime cun primo seu que era traumatólogo e estiveron aí facéndome cargo dos asuntos de Paz-Andrade con outros avogados amigos.

—Canto tempo estivo Paz-Andrade detido?

Moi pouco. El estivo detido dúas veces. A primeira, ao principio de todo, en Verín, estaba no Casino e viñérono buscar os falanxistas de alí. El estaba paseando, viu unha fiestra aberta, e saltou por ela e meteuse entre o millo e non deron con el.

—Pero Paz-Andrade non fóra coa Fronte Popular no 36.

Si, pero el sempre foi galeguista. O argumento que nos deu para ir co Centro de Portela é que non ía saír deputado polo Partido Galeguista, e entón fíxolle as beiras a Portela. El argumentáballe a Castela que el logo, no parlamento, ía ser un galeguista máis. E poñíalle como exemplo a Vilar Ponte da Organización Republicana Galega (ORGA). Que finalmente sumaba o seu voto ao dos galeguistas. Pero nin por esas saíu deputado. Estaba gafado.

—Polo galeguismo é que Castelao sempre lle tivo aprecio.

Pero non lle gustou. Case choraba cando se deu de baixa no partido. Celebrouse unha asemblea e deuse conta diso e Castelao, ao final, quedou moi sentido. Eu son da idea de que Castelao en política foi sempre empuxado por outros, mais que el non tiña vocación política. Primeiro por Antón Lousada Diéguez nas Irmandades, despois por Valentín Paz-Andrade e cando se fundou o Partido Galeguista (PG), por Alexandre Bóveda, e despois na emigración por Rodolfo Prada. Era un home fóra de serie, extraordinario e cunhas conviccións firmísimas. Pero non tiña sentido de política práctica, el mesmo o dicía, actuou en política por patriotismo, pero non por vocación.

—Pero volvemos a Paz-Andrade. Por que esa persecución? Se a escusa era a loita contra o comunismo, como se entende iso se el mesmo era avogado da patronal?

Si, e os da Confederación Nacional do Traballo (CNT) disparáronlle varios tiros. Unha bala aínda a conservou toda a súa vida.

—Volvendo sobre a súa época universitaria, en calquera caso eran críticos con esta institución a respecto da Galiza.

Si, había varios sectores no movemento estudantil. O noso consideraba que a Universidade estaba de costas á realidade do país. E que era un simple organismo burocrático expendedor de títulos. Eran as teses nosas. Pero tiñamos os nosos inimigos. Un dos nosos inimigos era José Queizán. Un republicano de esquerdas pero antigaleguista furibundo.

—Dalgún modo, esa concepción crítica coa universidade é a que está detrás da creación do Seminario de Estudos Galegos.

Non, iso foi moito antes. Este fora creado no ano 23 por Filgueira Valverde, Bouza Brei, Lois Tobío e dous máis. Non había ningún centro de estudos da realidade galega. Foron cinco inicialmente e despois incorporouse outra xente.

—Xa, pero, se o fixeron, foi porque na universidade non se estaba a facer nada.

Nada, que va! Facía ao revés. Había moi poucos profesores galeguistas. Estaba Lois Tobío, que era auxiliar de Historia do Dereito. Sebastián González. Estaba Fraguas, que era profesor de Xeografía. Cabeza de León. E nada máis. Os demais eran hostís.

—Pero vostede ten colaborado co Seminario de Estudos Galegos. Como funcionaban?

O Seminario traballaba por seccións. Había un labor de investigación e outro de divulgación. Pero había seccións para estudar as diferentes temáticas. A de Xeografía estaba presidida por Otero Pedraio, a de Arqueoloxía por Xesús Carro, a de Etnografía por Risco, a de Economía e Dereito por Lois Tobío...

—De aí saíu a proposta de Estatuto.

Non, esa sección de Dereito e Economía fixo un anteproxecto de Estatuto. Lois Tobío e Carvalho Calero inicialmente. Despois complementou Bóveda, Paz Andrade... Este anteproxecto foi unha base de discusión.

—Pero o traballo cultural no Seminario estaba vencellado coa acción política. E facendo política chegouse á situación de que para sacar adiante o Estatuto houbo que acabar entendéndose cos partidos estatais.

E que o Partido Galeguista, se non chega a formar parte da Fronte Popular, non consegue o Estatuto. O PG renunciou a algún dos seus principios fundamentais e chegou a un consenso con outras forzas republicanas para lograr o Estatuto. Aínda que na última etapa houbo unha dilación inconcibíbel. Despois do referendo, a aprobación nas Cortes do Estatuto Galego demorouse. Botábaselle a culpa a Casares, non sei por que razón.

—Había mala relación do galeguismo con Casares?

Casares houbo unha primeira época, cando foi o pacto de San Sebastián, que dicía aquilo de que o que conseguira Catalunya, quería para Galiza. Pero despois cambiou. A ORGA foi desaparecendo, meteuse dentro de Izquierda Republicana, el era a man dereita de Azaña, e desentendeuse da causa galega.

—En todo caso si que había en Izquierda Republicana valedores da causa galeguista, non? Osorio-Tafall, Emilio González López...

É que non se trataba de que fose un Estatuto do Partido Galeguista, senón un Estatuto de Galiza. É certo que Osorio-Tafall tivo un protagonismo importante. E menos Emilio González López. Eu recordo que o último mitin de propaganda do Estatuto que se celebrou foi no Teatro Alcázar de Madrid e interveu Edmundo Lourenzo en nome do PSOE, Emilio González López en nome de IR, e eu en nome do galeguismo. Presidía Roberto Blanco Torres, que era xefe de prensa da Presidencia da República. E falabamos en galego, alí en Madrid, e os falanxistas erguéronse cantando o seu himno e o público botouse enriba deles.

—E logo chegou a represión. A represión a todos os demócratas. E ao galeguismo tamén lle tocou o seu.

A todos, foron moitos os fusilados. Algúns innominados. Anónimos. Claro que nos tocou aos galeguistas. Os únicos que salvaron foron Risco e Filgueira porque se pregaron á situación. E naturalmente eles non foron fusilados nin perseguidos. Pero tamén hai que ter en conta os que foron ao exilio. E os de aquí eran prisioneiros. Cando estaba no despacho de Paz-Andrade, ás 9 da mañá, soaba o teléfono: “Señor Del Riego, sabe usted que está viviendo con el permiso del enterrador”. E colgaban. E ao día seguinte: “Señor Del Riego, sabe usted que está viviendo con el permiso del enterrador”, e así todos os días. Naqueles tempos era para engurrarse que te chamasen dicindo iso. Pero despois xa deixei de contestar o teléfono... e non pasou nada.

—Na recuperación do galeguismo de posguerra dise que se centraron no cultural...

Non, non é verdade. Eu, por exemplo, teño todo o testemuño das relacións co Consello de Galiza. O galeguismo tivo un papel fundamental de reconstrución na época da clandestinidade. Os das outras forzas, como a republicana, eran case inexistentes. Pero nós tiñamos moita ascendencia. O Partido Comunista de España tiña máis protagonismo porque estaba no monte e tiña os guerrilleiros, pero no mundo urbano os galeguistas e algo o PSOE eramos os que tiñamos máis influencia. O que aconteceu é que cando chegou o momento en que fallou o derrube do franquismo e comezou a Guerra Fría, entón xa se vía que era inútil

seguir polo camiño chamado propiamente político. E entón buscou outra forma de resistencia política que era a cultural. E foi así como naceu Galaxia e outras cousas.

Mantense relación permanente co Consello de Galiza. O que pasa é que había diferenzas de táctica. Eles estaban lonxe e querían dirixirnos desde alí, e nós estábamos vivindo a realidade. Entón nós dabámoslle argumentos de aquí e eles daban desde alí. Nós estábamos expostos todos os días e eles estaban comodamente alí. E a diferenza foi de táctica, pero non de ideoloxía. Niso estábamos totalmente identificados. Agora tacticamente diverxiamos, e a polémica xurdiu de aí.

—Diverxencias como a relación cos monárquicos e a respecto da lexitimidade das institucións republicanas...

Non, de feito fixemos todo o posíbel para que xunto coas outras forzas do país se conseguise que designasen Castelao como ministro representante de Galiza no goberno Giral.

Esa non era a diferenza. Era de capacidade de actuación. Eles pararan o reloxo. Eles estaban na época da República, e viñeron novas xeracións que non entendían xa esa linguaxe. E iso é o que lles queríamos facer ver nós. “A realidade de hoxe non é a que vostedes coñeceron”, diciámoslles. Ao ver que Franco era recoñecido por todos preguntabámonos: e agora que se pode facer? E entón recorreuse á actividade cultural, que tamén é unha forma política de actuar. Proba é a persecución que houbo.

—Si, a cultura foi perseguida tamén, proba é o que pasou co Seminario.

Fixérono desaparecer, igual que coa imprenta Nós, todo o que respondía á causa galeguista machucárono. Eles co Seminario fixeron esa ficción do Padre Sarmiento no que interviñeron Sánchez Cantón e Filgueira, pero non era o mesmo. E o que había no Seminario roubárono e destruírono.

—E a Real Academia?

A Real Academia non existía practicamente. Ocupada por castelán-falantes. Ían tamén desmantelala. Pero deuse a casualidade de que Casás, que fora alcalde da ditadura de Primo de Rivera na Coruña, era o presidente da Academia. E salvou a Academia na súa continuidade. Pero había unha chea de vacantes e cubríronas a dedo.

—Pero pouco a pouco foise infiltrando algo o galeguismo na Academia.

Foise infiltrando. Algúns dicían que non merecía a pena e eu insistía en que si, que valía a pena. Porque cara a fóra a representación da Academia é a representación da cultura galega. E entón había que meterse aí. E efectivamente foise evolucionando. Antes escribíanse as actas en castelán, falábase en castelán e agora faise todo en galego. Pero tardou moito.

—Pero se falamos de resistencia cultural ao franquismo, un elemento fundamental foi a celebración do Día das Letras Galegas, e iso foi iniciativa da Academia.

Foi iniciativa miña. Eu díxenlle a dous académicos: así como hai un día do libro español e se busca como efeméride o pasamento de Cervantes, podemos facer en Galiza unha cousa semellante. E dixéronme: iso non conduce a nada. E

entón eu estiven buscando unha data simbólica e batín con *Cantares Gallegos*. O 17 de maio de 1863. Entón fixen un escrito. Os dous primeiros cos que falei non quixeron asinar, pero deillo a asinar a Gómez Román e a Ferro Couselo. Reuniuse a Academia, alí falouse do asunto e propúxose. Ao final foi aprobado por unanimidade. Non se atreveron a dicir nada en contra nin a votar non. E de aí arrincou todo. Críticase que debe ser todo o ano letras galegas, pero todo o ano non podemos facer unha declaración dunha institución. Iso teno que facer a xente, non a institución.

—Cóntanos que a represión contra a nosa lingua e a cultura foi continua durante o franquismo de diferentes modos, pero en canto a sufrir cadea por isto, entendo que vostede non tivo máis detencións que a do ano 55, non?

Tiven outra antes. Sometido a Consello de Guerra Sumarísimo. E estiven 15 días incomunicado. Houbo unha organización que se chamaba o UIL (Unión de Intelectuais Libres) e veu un coronel comunista, o Coronel Chacama, e veu aquí pórse en contacto cos intelectuais galegos para que formásenos parte da UIL. Nós vimos a manobra e negámonos. Ao cabo dun ano, un confidente, ou quen fose, dixo que eu fora nomeado presidente. De Vigo era Darío Álvarez Blázquez, Roberto González Pastoriza, un médico e eu. En Santiago era Ramón Baltar, Villanueva, catedrático da Universidade, e Otero.

Detivéronnos e metéronnos en celas individuais incomunicados. Constituíuse un Tribunal Militar e dixemos a verdade, que non eramos da UIL. E o coronel Chacama, que lle deron uns golpes que lle romperon as pernas a culatazos, dixo tamén a verdade de que non eramos da UIL. E como Ramón Baltar operara a muller do almirante xefe do Departamento Marítimo, pois sobreséronnos. Estivemos un mes máis ou así. Pero xa cos presos comúns.